



TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Materia: Técnica de conservación preventiva dos bens pictóricos I

Departamento: Conservación e restauración de pintura

Formación básica

Curso: 3º pintura

Cuadrimestral

2 ECTS

Teórica

Profesora: Araceli Torres Fernández
aracelitortes@edu.xunta.es

Horario: 2 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Procedementos específicos de conservación preventiva dos bens pictóricos *in situ*, en exposición, no traslado ou no depósito.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos a a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas de seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado.
X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e a restauración
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración
X9	Coñecer e aplicar a deontoloxía profesional e a normativa relativa aos bens culturais e a súa conservación e restauración.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.



X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.
X17	Determinar e aplicar as condicións axeitadas para a conservación preventiva de ben cultural “in situ”, durante a súa exposición, almacenamento, transporte ou depósito.
X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE PINTURA

EP9	Deseñar protocolos de actuación para o mantemento in situ, almacenamento, exposición, manipulación, embalaxe e transporte de bens culturais propios da especialidade, de forma que se garanta a súa integridade e adecuada conservación.
-----	--

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Coñecer que funcións ten o conservador-restaurador nos procesos de manipulación, embalaxe e transporte, así como os efectos que a manipulación, transporte e embalaxe teñen sobre os bens pictóricos.

Identificar as consecuencias que ten unha incorrecta manipulación, embalaxe ou transporte sobre a obra plástica bidimensional.

Coñecer os materiais máis axeitados para o embalaxe e manipulación de bens pictóricos, segundo a súa composición material.

Comprender a necesidade de deseñar axeitadamente os protocolos e medios para a manipulación, depósito e traslado dos bens pictóricos.

Acadar a capacidade de saber analizar, avaliar e formular, de modo cooperativo, sistemas expositivos en sala e de depósito en almacéns para coleccións de bens pictóricos, a partir das características concretas do obxecto “bidimensional”.

UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidades	Subtemas	% no total da materia
1. Panorama actual museolóxico	1.1. Evolución do museo e ICOM 1.2. Tipos de museos 1.3. Organización interna dos museos 1.4. Código deontolóxico	20%
2. Procedementos específicos de manipulación e material de embalaxe.	2.1. Procedementos de conservación preventiva dos bens pictóricos in situ e no museo 2.2. Riscos e normas de manipulación 2.3. Tipos de movemento e persoal responsable 2.4. Procedementos de embalaxe e desembalaxe. 2.5. Procedementos de montaxe, desmontaxe e exposición. 2.6. Catálogo de materiais de embalaxe e a caducidade 2.7. Construción de embalaxes. Modalidades e elementos de control.	30%
3. Procedementos específicos de traslado. Transporte	3.1. Necesidades do transporte 3.2. Fases de transporte e riscos 3.3. Medios de transporte e normativa 3.4. Xestión de transporte e empresas relacionadas 3.5. Figura do correo	25%



4. Procedementos específicos de depósito.	4.1. Almacéns de arte. Normativa e necesidades 4.2. Planificación, deseño arquitectónico, condicionantes climáticas e seguridade 4.3. Espazos necesarios para o depósito 4.4. Tipo de almacenamento. Obra pictórica. 4.5. Mobiliario preciso. Características e usos. 4.6. Códigos de localización. 4.7. Conservación e mantemento do almacén. 4.8. Plan de emerxencia.	25%
---	--	-----

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesións maxistras	30		30
Estudo autónomo		10	10
Traballo tutelado / Exposicións	5	4	9
Debates, estudos de caso e outras actividades	1		1
Total	36	14	50

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesións maxistras (expositiva-participativa)	Mostra e interrelación da información que forma as bases teóricas da materia para a adquisición do coñecemento, sobre a que construír o traballo autónomo, utilizando as presentacións orais e outras ferramentas, como literatura científica e titorías didácticas.
Traballos tutelados	Realización traballos individuais sobre patrimonio cultural: - Traballo sobre o proceso de préstamo e transporte de unha obra pictórica. Peza escollida polo alumnado de unha listaxe previa, facilitada polo profesor. - Traballo sobre o depósito de diversas pezas pictóricas. Centrándose no espazo, nos elementos expositivos necesarios, nas características medioambientais e na seguridade. Ambos traballos con orientación proporcionada polo mesmo. Será obrigatoria a entrega documental (texto e power point), a presentación oral na aula e a cesión do traballo intelectual final ao resto do alumnado.
Debates, estudos de casos e outras actividades	Lectura e análise. Exercicios de comentario e reflexión (oral ou escrito) trala lectura de artigos científicos, capítulos ou fragmentos libros relacionados coa materia ou novas de prensa escrita/dixital e apuntamentos (a determinar polo docente). Realizados de forma individual ou cooperativa. Outras actividades como visitas externas e traballos asociados a elas.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
--------	-----------	--------------

Probas escritas	Cualificación das probas: Aplicación dos coñecementos adquiridos. Rigor técnico e grao de aplicación de conceptos teóricos. Corrección no desenvolvemento do exercicio. Presentación do exercicio.	45%
Traballo tutelado e outras actividades orais e escritas	Calidade do traballo, da presentación oral e escrita (comentarios, reflexións, etc.): rigor técnico; grao de aplicación dos conceptos teóricos. Capacidade de reflexión e síntese para establecer conclusións. Claridade e eficacia na expresión e forma. Capacidade de estruturación. Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. Puntualidade na entrega. Colaboración, participación e interese.	45 %
Observación sistemática	Asistencia, puntualidade e participación, nas clases prácticas ou con outros elementos. Calidade dos comentarios e capacidade de organización.	10%
Total		100 %

OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- Avaliarase de forma continua o progreso do proceso de aprendizaxe.
- Aqueles alumnos que non asistan as aulas perden o dereito á avaliación continua e deberán en calquera caso presentar os traballos individuais propostos ó longo do curso.
- Aqueles que asistan ás aulas parcialmente, perderán unha parte do valor total da avaliación, ate un 20%, correspondendo á falta de asistencia ás clases teóricas e prácticas ou con outros elementos; así mesmo puntuación das actividades non realizadas no día será de cero.
- Actividades orais e escritas, como a presentación dos traballos tutelados correspondentes, no caso de non realizarse, non ser expostas e/ou non ser facilitado o traballo intelectual final ao resto da aula será penalizado.
- Os alumnos que non teñan entregado no prazo máximo estipulado dous ou máis traballos requiridos, non serán avaliados na convocatoria ordinaria de forma continua e terán que realizar unha proba escrita específica o día establecido para a convocatoria ordinaria, sendo a nota da materia o resultado obtido en dita proba; e no seu defecto na convocatoria extraordinaria, se fará con probas específicas que demostren os coñecementos adquiridos o longo do curso. Os traballos complementarios individuais propostos deberán en calquera caso ser presentados ao longo do curso.
- A proba e avaliación escrita, tanto da convocatoria ordinaria coma extraordinaria, constarán de preguntas de resposta corta.
- De cara á avaliación extraordinaria proxectaranse nas titorías didácticas os procedementos de recuperación previos, alternativos ou complementarios á proba escrita que está establecida para o mes de Xullo.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías serán presenciais, poderán ofrecerse durante as sesións de docencia ou no despacho do profesor, tanto en horario de titoría como noutros momentos con previo acordo.



BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

- . BIASIOTTI A. e BECCARO MIGLIORATI, B. *La seguridad en los museos*. Manual de protección del Patrimonio Cultural. No. 1. París: UNESCO, 2006.
- . CANADIAN HERITAGE. Canadian Conservation Institute (CCI) Notes. Visualizado en la URL <http://canada.pch.gc.ca/eng/1439925167385>
- . CARVALHO G. e ALMEIDA A. *Vade-mécum. Preservação do património histórico e artístico das igrejas*. Lisboa: Conferência Episcopal Portuguesa, 2007.
- . García Fernández, Isabel. *La conservación preventiva de bienes culturales*. Madrid: Alianza Editorial, 2013.
- . HERNÁNDEZ, F. *Manual de museología*. Madrid: Ediciones Síntesis, 1994.
- . JIMÉNEZ, C. *Museos y exposiciones*. Manuales de Luminoteca. Barcelona: Ediciones Ceac, 1999.
- . JIMÉNEZ DE GARNICA, R. *La conservación preventiva durante la exposición de dibujos y pinturas sobre lienzo*. Gijón: Ediciones Trea, 2011.
- . LORD, B. e DEXTER LORD, G. *Manual de gestión de museos*. Barcelona: Ariel Patrimonio histórico, 1998.
- . MARCHIONE, E. B. e TISSERA, A. M. *Museo técnica. Manual de conservación preventiva*. Rosario (Argentina): Laborde Editor, 2012.
- . MARÍN TORRES, M. T. *Historia de la documentación museológica. La gestión de la memoria artística*. Gijón: Trea, 2002.
- . RICO, J. C. *Manual práctico de museología, museografía y técnicas expositivas*. Madrid: Sílex, 2006.
- . RICO, J. C. *Montaje de exposiciones. Museos Arquitectura Arte*. Madrid: Sílex, 1996.
- . ROTAECHE, M. *Transporte, depósito y manipulación de obras de arte*. Madrid: Editorial Síntesis, 2008.
- . ROVIRA i PONS, P. *La conservación preventiva de las pinturas murales in situ y en su exposición*. Gijón: Trea, 2014.
- . Sedano Espín, Ubaldo. *La conservación preventiva en la exposición de pintura sobre tabla*. Gijón: Trea, 2014.
- . VV. AA. *Conservación preventiva y procedimientos en Exposiciones temporales*. Madrid: Ministerio de cultura, 2008.
- . VV. AA. *Guía para un plan de colecciones ante emergencias*. Madrid: Ministerio de Cultura, 2008.
- . VV. AA. *Terminología para definir la conservación del patrimonio cultural tangible*. (2018). XV Conferencia Triannual, ICOM.CC, Nueva Delhi.
- . ZUBIARUR CARREÑO, F. J. *Curso de museología*. (2004). Trea, Gijón.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

- . Azón Masoliver, Marisa. *La conservación preventiva durante la exposición de colecciones de etnología*. Gijón: Trea, 2014.
- . Cerdà Durà, Elisabet. *La conservación preventiva durante la exposición de material textil*. Gijón: Trea, 2012.
- . FORNIÉS MATÍAS, Z. *La climatización de los depósitos de archivos, bibliotecas y museos como método de conservación*. Gijón: Trea, 2011.
- . González-Varas, Ignacio. *Conservación de bienes culturales. Teoría, historia, principios y normas*. Madrid: Eds. Cátedra, 1999.
- . ICOM. *Código deontológico del ICOM para los Museos*. París: ICOM, 2017
- . Jiménez de Garnica, Reyes. *La conservación preventiva durante la exposición de dibujos y pinturas sobre lienzo*. Gijón: Trea, 2011.
- . Moya, Jordi. *La iluminación de las exposiciones temporales*. Gijón: Trea, 2015.
- . Moyano, Neus. *La climatización e iluminación de la sala durante las exposiciones de obras de arte*. Gijón: Trea, 2011.
- . Peña Haro, Sandra. *La conservación preventiva durante la exposición de fotografía*. Gijón: Trea, 2014.
- . Pugès i Dorca, Montserrat y Laia Fernández Berengué. *La conservación preventiva durante la exposición de materiales arqueológicos*. Gijón: Trea, 2012.
- . RIBERA ESPLUGAS, C. *Las vitrinas como medio de protección de las obras de arte en las exposiciones*. Gijón: Trea, 2011.
- . RUSKIN, J. *Las siete lámparas de la arquitectura*.



. TORTAJADA HERNANDO, S. *La conservación preventiva durante la exposición de esculturas en piedra*. Gijón: Trea, 2011.

OBSERVACIÓNS

Na plataforma didáctica *moodle* poderán consultarse tanto materiais didáticos e documentación como artigos de crítica e científicos, as bases dos traballos de elaboración obrigatoria. A mesma plataforma será a empregada para a entrega dos traballos.

A biblioteca da Escola conta con material bibliográfico específico sobre os contidos da materia, e con parte da bibliografía recomendada.